



Concello de Xinzo de Limia

ORDENANZA MUNICIPAL N.º 42 REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

PUBLICACIÓN: BOP 29/12/2017.

ÍNDICE.-

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- 1.- OBXECTO.
- 2.- DEFINICIÓNS.
 1. COMPETENCIAS.
 2. ÁMBITO TERRITORIAL DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO.
 3. BENEFICIARIOS.
 4. SOLICITUDES.
 5. PROCEDEMENTO PARA A EXPEDICIÓN DAS TARXETAS.
 6. CARACTERÍSTICAS.
 7. VALIDEZ E CADUCIDADE.
 8. RENOVACIÓN.
 9. CANCELACIÓN.
 10. CONCESIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PROVISIONAL.
 11. RESERVA DE PRAZA DE APARCAMENTO.
 12. DEREITOS DA PERSOA TITULAR DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO.
 13. OBRIGAS DOS TITULARES DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO.
 14. ESPAZOS DE ESTACIONAMENTO E APARCAMENTO AUTORIZADOS.
 15. RÉXIME SANCIONADOR.
 16. PROTECCIÓN DE DATOS.
- DISPOSICIÓN TRANSITORIA
- DISPOSICIÓN DERROGATORIA
- DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA
- DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

ANEXOS:

ANEXO I - SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MOBILIDADE REDUCIDA.

ANEXO II - SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DE TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS.

ANEXO III - SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS TITULARES DUNHA TARXETA DE ESTACIONAMENTO.

ANEXO IV - INFORME DE VALORACIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS .

A Constitución Española, no seu artigo 9.2, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Por outra parte, no seu artigo 49 establécese que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuí-dos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que lles



Concello de Xinzo de Limia

prestarán a atención especializada que requiran e aos que ampararán especialmente para o gozo dos dereitos que o título I lles outorga a todos os cidadáns. Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Co obxecto de acadar unha maior igualdade e unha mellora na calidade de vida das persoas con discapacidade , o Concello de Xinzo de Limia , en sesión plenaria celebrada o **15 de novembro de 2004 aprobou** a Ordenanza reguladora da tarxeta de accesibilidade (BOP núm.72 de 01/04/2005).

Dende entón a regulación das tarxetas de estacionamento sufriu cambios que viñeron marcados pola aprobación de nova normativa estatal e autonómica, entre as que se encontran o Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; o Real decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso do cartón de estacionamento para persoas con discapacidade; e a nivel autonómico o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Establécense na Comunidade Autónoma de Galicia dous tipos de tarxetas de accesibilidade: a tarxeta de estacionamento e a tarxeta de persoas usuarias.

A tarxeta de estacionamento, acreditativa da situación das persoas con mobilidade reducida, concederáselles a estas, con carácter persoal e intransferible, de cara a favorecer o uso dos transportes privados e para que o seu titular poida gozar das facilidades de estacionamento relacionadas con ela.

A tarxeta de persoas usuarias, acreditativa da situación das persoas con mobilidade reducida, concederáselles a estas ,con carácter persoal e intransferible e con validez en todo o ámbito da Comunidade Autónoma ,de cara a favorecer o uso dos transportes públicos.

A finalidade da presente ordenanza é establecer unha regulación municipal acorde coa normativa actual e fundamentalmente trazar os requisitos e procedemento para a expedición da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida e de persoas usuarias.

Artigo 1. OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, coa finalidade de favorecer o uso dos transportes privados por persoas con problemas de mobilidade e para que o seu titular poida gozar de facilidades de estacionamento e a súa adaptación ao Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Así como a emisión de tarxeta de persoas usuarias .

Artigo 2. DEFINICIÓNS

1. A tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con



Concello de Xinzo de Limia

discapacidade que presenten mobilidade reducida, é un documento público acreditativo do dereito das persoas que cumpran os requisitos previstos nesta ordenanza e na normativa reguladora para estacionar os vehículos automóbiles en que se despracen, o máis preto posible do lugar de acceso ou de destino.

2. A tarxeta de accesibilidade de usuarios, concederáse ás persoas con algunha limitación, con carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa situación de discapacidade, para favorecer o uso e desfrute dos transportes públicos.

Artigo 3. COMPETENCIAS

A Policía Local do Concello de Xinzo de Limia será competente para o desenvolvemento das tarefas de vixilancia e control da utilización das tarxetas e das reservas de estacionamento.

O/a alcalde/sa- presidente/a será competente para o exercicio da potestade sancionadora neste ámbito.

Artigo 4. ÁMBITO TERRITORIAL DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO

As tarxetas de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida e de persoas usuarias concedidas por este Concello, terán validez en todo o territorio español sen prexuízo da súa utilización nos Estados membros da Unión Europea, nos termos que os respectivos órganos competentes teñan establecido en materia de ordenación e circulación de vehículos.

Artigo 5. BENEFICIARIOS

1. Poderán obter a tarxeta de estacionamento e de accesibilidade aquelas persoas físicas empadroadas no Concello de Xinzo de Limia que teñan recoñecida oficialmente a condición de persoa con discapacidade e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Que presenten mobilidade reducida, conforme ao anexo II do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

b) Que mostren no mellor ollo unha agudeza visual igual ou inferior ao 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

2. Tamén poderán obter a tarxeta de estacionamento as persoas físicas ou xurídicas que teñan o seu domicilio social no termo municipal de Xinzo de Limia e sexan titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia a que se refire a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como os servizos sociais aos que se refire o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

Artigo 6. SOLICITUDES

A) No caso de persoas físicas que vaian a empregar a tarxetas de accesibilidade para o seu uso persoal, o expediente será iniciado por parte da persoa interesada, que será sempre o/a titular da tarxeta ou o seu representante legal. A solicitude achegarase ao Rexistro Xeral do Concello ou mediante calquera dos medios establecidos legalmente .

A documentación a presentar será a seguinte:

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

1. Solicitude en modelo normalizado, segundo o que figura no Anexo I ou Anexo II para persoas usuarias, acompañando a seguinte documentación.:

2. Fotocopia compulsada do DNI da persoa solicitante e do representante legal no seu caso. No caso de menores de idade, fotocopia compulsada do libro de familia e volante de convivencia.

3. Fotocopia compulsada da resolución do recoñecemento da condición de discapacidade ditame relativo a súa mobilidade ou agudeza visual, co prazo de validez emitido pola Unidade de Valoración correspondente.

4. Dúas fotografías tamaño carné do/da titular.

5. Volante de empadramento.

B) No caso de solicitudes formuladas por persoas físicas ou xurídicas titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con mobilidade reducida, presentarán a seguinte documentación:

1. Solicitude segundo o Anexo I.

2. Fotocopia compulsada do CIF/NIF da persoa física ou xurídica

3. Relación de matrículas dos vehículos dedicados ao transporte de persoas con mobilidade reducida e fotocopia compulsada do permiso de circulación así como da ficha técnica de cada un dos vehículos.

4. Documento que acredite que o seu domicilio social encóntrase neste municipio.

Artigo 7. PROCEDIMENTO PARA A EXPEDICIÓN DAS TARXETAS.

O expediente iníciase a instancia da persoa interesada. Cubrirase a solicitude no modelo oficial normalizado. Unha vez presentada a solicitude no Rexistro xeral do Concello ou nas demais formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común coa documentación pertinente, o Concello de Xinzo de Limia resolverá sobre a solicitude, emitindo a correspondente notificación de resolución á persoa interesada no prazo máximo de tres meses, a partir da data da solicitude da tarxeta tivera entrada no Rexistro do Concello.

No caso de cambio de enderezo do beneficiario dunha tarxeta de accesibilidade deberá solicita-lo traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

A solicitude someterase a informe preceptivo das traballadoras sociais do Concello que analizarán se os plantexamentos expostos polos interesados xustifican o outorgamento da tarxeta.

Cando se presenten solicitudes de reserva de praza de aparcamento para persoas titulares dunha tarxeta de estacionamento (ANEXO III) someterase ó informe da Policía Local, para que se indique se son posibles as reservas de prazas e a colocación máis convinte destas.

No caso de concederse a tarxeta, na notificación ao interesado recollerase un resumo das condicións de utilización establecidas no municipio.

Artigo 8. CARACTERÍSTICAS

As características físicas en canto a contido, formato, deseño e medidas da tarxeta de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida son as establecidas no anexo III do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo e execución da Lei 8/1997; sen prexuízo de que no caso de que nun futuro exista un novo modelo establecido pola normativa, se adapte a esta.

Artigo 9. VALIDEZ E CADUCIDADE

A validez da tarxeta vén especificada na mesma. O prazo de validez fixarase en 10 anos a contar desde a data do acordo de concesión do cartón sempre que o ditame



Concello de Xunzo de Limia

determine a existencia dunha mobilidade reducida con carácter permanente. Cando a mobilidade reducida sexa de carácter temporal, a validez da tarxeta está marcada polo prazo daquela. Calquera variación das condicións que deron orixe á expedición da tarxeta deberá ser comunicada, no prazo máximo de un mes; de non ser así, o Concello poderá anular a súa vixencia.

Artigo 10. RENOVACIÓN

Para a renovación seguirse o mesmo procedemento que para a concesión inicial e solicitarase a través do ANEXO I. A presentación da solicitude, antes de que finalice o prazo de validez da mesma, prorroga a validez da emitida anteriormente ata a resolución do procedemento. No caso de que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da última tarxeta emitida, entenderase que subsiste dita vixencia ata a resolución do correspondente procedemento de renovación. En todo caso, para renovar a tarxeta é imprescindible que o titular manteña os requisitos esixidos para o seu outorgamento. A entrega da nova tarxeta require que o interesado deposite no Concello a tarxeta antiga.

A nova tarxeta deberá levar o mesmo número que a anterior.

A renovación da tarxeta pode producirse por subtracción, deterioración ou perda. No caso de subtracción, esixirá que por parte do interesado se presente xustificación da denuncia. No caso de deterioración o interesado presentará o cartón deteriorado. No caso de perda, o interesado presentará unha declaración xurada na que se expoñan os feitos. O Concello emitirá nova tarxeta coa mesma data de caducidade que a anterior. Poderá emitirse un xustificante desta situación para os efectos oportunos. En calquera caso, o interesado só poderá ter no seu poder unha tarxeta. No suposto de recuperar a tarxeta subtraída ou perdida está obrigado a poñelo en coñecemento do Concello e a entregar a non válida.

Artigo 11. CANCELACIÓN

No suposto de incumprimento das condicións de uso, previamente constatado por axentes municipais ou da autoridade competente, poderá producirse a cancelación do uso da tarxeta a través do pertinente procedemento contradictorio.

A cancelación da tarxeta poderá ser temporal ou definitiva. A cancelación de carácter temporal terá unha duración de dous anos. A primeira vez que se constate no procedemento instruído para o efecto o uso indebido da tarxeta de estacionamento, procederá a cancelación de carácter temporal durante seis meses e por un período de dous anos na segunda. Procederá a cancelación definitiva cando por terceira vez, no procedemento contradictorio instruído para o efecto, quede acreditado o uso indebido ou o incumprimento das condicións de uso da tarxeta de estacionamento.

No expediente de cancelación darase audiencia ao interesado por prazo de dez días, para que poida presentar os documentos e efectuar as alegacións que estime conveniente. Emitiranse os informes que sexan necesarios e se estimen idóneos para a resolución do expediente de cancelación.

Artigo 12. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PROVISIONAL

1. Atendendo a razóns humanitarias, excepcionalmente concederase unha tarxeta de estacionamento de carácter provisional de vehículos automóbiles ás persoas que presenten mobilidade reducida, aínda que esta non fose ditaminada oficialmente, por causa dunha enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade que supoña fehacientemente unha redución substancial da esperanza de vida que se considera normal para a súa idade e demais condicións persoais, e que razoablemente non permita tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta de estacionamento.



Concello de Xinzo de Limia

2. Para a obtención, a acreditación dos extremos enunciados no parágrafo anterior efectuarase mediante a emisión do correspondente certificado polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde, que deberá contar coa validación da inspección dos servizos sanitarios competentes por razón do domicilio da persoa solicitante.

3. Aos titulares desta tarxeta de estacionamento provisional seranlles de aplicación os dereitos, obrigacións e condicións de uso regulados nesta norma, durante o tempo que dure a súa concesión.

4. A solicitude farase conforme ao ANEXO I que acompaña a esta ordenanza, e a documentación que se achegará será a determinada no mesmo.

5. A concesión da tarxeta de estacionamento provisional terá unha duración máxima dun ano, podendo prorrogarse por un período igual, sempre que se manteñan as condicións iniciais requiridas para o seu outorgamento.

6. O Concello adecuarase para a expedición desta tarxeta aos criterios que no seu caso se fixen a través dos órganos de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas existentes.

Artigo 13. RESERVA DE PRAZA DE APARCAMENTO

1. As prazas de estacionamento reservadas serán aquelas que soamente poderán empregar as persoas con mobilidade reducida titulares dunha tarxeta de estacionamento e estarán debidamente sinaladas a tal efecto.

2. A reserva de prazas de estacionamento realizarase con arranxo ao seguinte:

a) Poderase solicitar a reserva dunha praza de estacionamento na proximidade do enderezo que a persoa física empregue coma vivenda habitual ou centro de traballo.

b) A reserva de prazas requirirá de solicitude expresa presentada no Rexistro Xeral municipal ou calquer outro medio admitido en dereito, iniciada por una persoa física titular dunha tarxeta de estacionamento expedida polo Concello de Xinzo de Limia ou polo representante legal. A documentación a presentar será a seguinte:

- Solicitude en modelo normalizado, segundo figura no Anexo III da presente Ordenanza.
- Fotocopia DNI
- Fotocopia da tarxeta estacionamento en vigor.
- Declaración xurada de non contar cunha praza de aparcamento privada nas inmediacións da vivenda habitual ou no centro de traballo.
- Documento que acredite a relación laboral entre o titular da tarxeta de estacionamento e a empresa para a que se solicita a reserva de praza

Someterase a informe da Policía Local, para que indique que son posibles as reservas de prazas e a colocación máis convinte destas. Estas reservas de prazas en ningún caso serán personalizadas.

c) O Concello de Xinzo de Limia reservarase a facultade de suprimir as reservas, trasladalas ou reordenalas a finde responder ás necesidades que se vaian plantexando por parte das persoas titulares dunha tarxeta de estacionamento municipal.

Artigo 14. DEREITOS DA PERSOA TITULAR DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO

1. Os titulares da tarxeta de estacionamento terán os seguintes dereitos en todo o territorio nacional sempre e cando exhiban de forma visible a tarxeta no interior do vehículo:

a) Reserva de praza de aparcadoiro, previa a oportuna solicitude e xustificación da necesidade de acordo coa normativa autonómica e estatal de accesibilidade, en lugar próximo ao domicilio ou posto de traballo. A praza deberá sinalizarse co símbolo



Concello de Xinzo de Limia

internacional de accesibilidade.

- b) Estacionamento nos lugares habilitados para as persoas con discapacidade.
- c) Estacionamento nas zonas de aparcadoiro de tempo limitado durante o tempo necesario.
- d) Parada nas zonas reservadas para carga e descarga, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico.
- e) Parada en calquera lugar da vía, por motivos xustificados e polo tempo indispensable, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico e de acordo coas instrucións dos axentes da autoridade.
- f) Acceso a vías, áreas ou espazos urbanos con circulación restrinxida a residentes sempre que o destino se encontre no interior desa zona.

2. Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non. Cando a titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a ou as matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade. Cando se faga uso dos dereitos que confire esta tarxeta, esta colocarse nun lugar visible do vehículo.

3. A posesión da tarxeta de estacionamento en ningún caso supoñerá autorización para estacionar en zonas peonís, en pasos peonís, nos lugares e supostos en que estea prohibido parar, lugares que obstrúan vaos ou saídas de emerxencia, zonas acoutadas por razóns de seguridade pública e espazos que reduzan carrís de circulación.

Artigo 15. OBRIGAS DOS TITULARES DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO

O titular da tarxeta de estacionamento está obrigado a:

- a) Á correcta utilización desta.
- b) Colocar a tarxeta de estacionamento no parabrisas dianteiro polo interior, sempre co documento orixinal, de forma que resulte claramente visible e lexible dende o exterior.
- c) Identificarse cando así llo requira un axente da autoridade, acreditando a súa identidade co Documento Nacional de Identidade, Número de Identificación Fiscal, tarxeta de residencia ou calquera outro documento oficial identificativo, sen o cal non poderá facer uso da tarxeta de estacionamento. Os menores de 14 anos poderán acreditar a súa identidade mediante a exhibición do documento de recoñecemento de grao de discapacidade.
- d) Colaborar cos axentes da autoridade para evitar, no maior grao posible, os problemas de tráfico que puidesen ocasionar ao exercitar os dereitos que lles confire a utilización da tarxeta de estacionamento.
- e) Devolver a tarxeta de estacionamento caducada no momento da renovación ou ao termo da súa vixencia.

2. O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar á cancelación da tarxeta de estacionamento ou á súa retirada temporal, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

3. Así mesmo, a utilización fraudulenta da tarxeta de estacionamento, tanto por persoas físicas coma por persoas xurídicas, dará lugar á súa cancelación, sen prexuízo das sancións previstas polo ordenamento xurídico.

4. No caso de falecemento do titular os familiares están obrigados a comunicar ao Concello dita circunstancia e a devolver a tarxeta de estacionamento do titular.

5. O uso da tarxeta de estacionamento está subordinado a que o seu titular manteña

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

os requisitos esixidos para o seu otorgamento.

6. Os axentes da policía local poderán proceder á retirada das tarxetas falsas ou caducadas, así como nos demais casos de uso fraudulento ou indebido das mesmas, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais, que puidesen derivarse.

7. Se detéctase un uso fraudulento ou abusivo dunha tarxeta de estacionamento para persoa con mobilidade reducida expedida noutro municipio, esta poderá ser retirada preventivamente e será enviada, xunto co informe que proceda, ao Concello que a expediu para constancia dos feitos e, se procedese, á apertura do correspondente expediente aclaratorio e/ou sancionador ou de cancelación da tarxeta. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais, que puidesen derivarse desta actuación.

Artigo 16. ESPAZOS DE ESTACIONAMENTO E APARCAMENTO AUTORIZADOS

1. A tarxeta de estacionamento permite o aparcadoiro de vehículos en zonas non autorizadas, durante o tempo imprescindible, a condición de que non supoña un obstáculo para a normal deambulación de peóns ou circulación doutros vehículos, non podéndose estacionar, en ningún caso, nos seguintes lugares:

- ✓ Zonas reservadas a vehículos de servizos de urxencias: sanitarios, bombeiros, corpos de seguridade, etc. Saídas de emerxencia.
- ✓ Paradas de autobuses e auto-taxis.
- ✓ Carrís reservados a autobuses, auto-taxis e bicicletas.
- ✓ Ramplas e elementos de accesibilidade para a superación de barreiras arquitectónicas.
- ✓ Vaos, pasos a nivel e pasos de peóns.
- ✓ En todos aqueles lugares nos que estea prevista a retirada con guindastre.

2. A tarxeta de estacionamento permite igualmente aos seus titulares o aparcadoiro durante o tempo imprescindible e sen limitación horaria nos aparcadoiros reservados para discapacitados e na zona azul.

3. Así mesmo o concello deberá establecer reservas con carácter permanente de prazas de aparcamento debidamente sinaladas para vehículos que transporten as persoas titulares desta tarxeta. Situaranse próximas aos pasos de peóns dentro das zonas destinadas a aparcamentos de vehículos lixeiros, ben sexan interiores, exteriores ou subterráneos.

Artigo 17. RÉXIME SANCIONADOR

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de maneira reiterada e debidamente probada, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos polo órgano que a outorgase, debendo o interesado volver inicia-lo procedemento para a súa nova expedición; con independencia da sanción pecuniaria que poidese recaer no procedemento sancionador incoado ao efecto.

Artigo 18. PROTECCIÓN DE DATOS

O ficheiro que se empregue para a xestión dos procedementos recollidos nesta Ordenanza deberán cumprir as medidas de seguridade recollidas na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As tarxetas de estacionamento emitidas con arranxo á normativa aplicable á entrada en vigor desta ordenanza, manterán a súa validez ata a data de vencemento prevista no documento orixinal de expedición.



Concello de Xinzo de Limia

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as normas reguladoras para a expedición da tarxeta de estacionamento para discapacitados aprobadas en sesión plenaria celebrada o 15 de novembro de 2004.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

En todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación o establecido na normativa estatal e autonómica vixente aplicable ás tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85, sendo de aplicación a partir dese mesmo día ata a súa derogación ou modificación expresa

ANEXO I.

SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MOBILIDADE REDUCIDA

D/a.....CO
nD.N.I.nºendereço na
rúa.....núm.....piso.....Localidade.....
Municipio.....C.P..... Municipio..... Teléfono

- o En nome propio
- o En representación de.....,con DNI.....en calidade de (sinalar parentesco ou tipo de representación).....

De conformidade coa Ordenanza municipal do Concello de Xinzo de Limia reguladora da expedición das tarxetas de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, **S O L I C I T A:**

- o Se lle expida a **tarxeta de estacionamento** para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida.
- o Se lle expida a **tarxeta de estacionamento provisional** atendendo a razóns humanitarias para persoas con mobilidade reducida.
- o Se lle expida a **renovación da tarxeta de estacionamento** para persoas con mobilidade reducida.

Achegando a seguinte documentación:

- ✓ Fotocopia compulsada do DNI.
- ✓ Acreditación da representación e fotocopia do DNI do representante legal, no seu caso. Certificado de discapacidade expedido polos equipos de valoración e orientación da Xunta de Galicia (orixinal ou copia compulsada) coa valoración da mobilidade.
- ✓ Para a solicitude de tarxeta de estacionamento provisional , certificado emitido polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde, que deberá contar coa validación da inspección dos servizos sanitarios competentes por razón do domicilio da persoa solicitante.
- ✓ Dúas fotografías tamaño carné.
- ✓ Volante de empadramento.
- ✓ Fotocopia compulsada do libro de familia (no caso de menores de idade).
- ✓ En caso de renovación deberá entregar fotocopia compulsada da tarxeta antiga.
- ✓ En caso de persoa física ou xurídica, relación de matrículas dedicadas ao transporte de persoas con mobilidade reducida e fotocopia do permiso de circulación así como da ficha técnica de cada un dos vehículos e documento que acredite que o domicilio social encóntrase neste municipio.

Xinzo de Limia a de de 20

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

O/a solicitante O/a representante

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

ANEXO II.

SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DE TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS.

D/^aco
n D.N.I.nºendereço na
rúa.....núm..... piso..... Localidade,.....Muni
cipio.....Provincia.....C:P.....Teléfono

En nome propio

En representación de.....con
DNI..... en calidade de (sinalar o parentesco):

De conformidade coa Ordenanza municipal do Concello de Xinzo de Limia reguladora da expedición das tarxetas de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, S O L I C I T A:

Se lle expidaa tarxeta de usuario para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, para o cal achega a seguinte documentación:

- ✓ Fotocopia compulsada do DNI.
- ✓ Acreditación da representación e fotocopia do DNI do representante legal, no seu caso. Certificado de discapacidade expedido polos equipos de valoración e orientación da Xunta de Galicia (orixinal ou copia compulsada) coa valoración da mobilidade.
- ✓ Para a solicitude de tarxeta de estacionamento provisional, certificado emitido polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde, que deberá contar coa validación da inspección dos servizos sanitarios competentes por razón do domicilio da persoa solicitante.
- ✓
- ✓ Dúas fotografías tamaño carné.
- ✓ Volante de empadramento.
- ✓ Fotocopia compulsada do libro de familia (no caso de menores de idade).
- ✓ En caso de renovación deberá entregar fotocopia compulsada da tarxeta antiga.
- ✓ En caso de persoa física ou xurídica, relación de matrículas dedicadas ao transporte de persoas con mobilidade reducida e fotocopia do permiso de circulación así como da ficha técnica de cada un dos vehículos e documento que acredite que o domicilio social encóntrase neste municipio.

Xinzo de Limia a de de 20

O/a solicitante O/a representante

Asdo: _____

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

ANEXO III

SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS TITULARES DUNHA TARXETA DE ESTACIONAMENTO

- RESERVA PRETO DO DOMICILIO HABITUAL
- RESERVA PRETO DO CENTRO DE TRABALLO

D/^aDNI.....
rúa.....núm..... piso..... Localidade,.....
Municipio.....CP.....Provincia.....Teléfono

○ En nome propio

○ En representación de.....
con DNI.....e en calidade de (sinalar o parentesco)

De conformidade coa Ordenanza municipal do Concello de Xinzo de Limia reguladora da expedición das

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

tarxetas de estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, **SOLICITA:**

A **reserva de praza de estacionamento** para persoas con discapacidade titulares dunha tarxeta de estacionamento, conforme ás condicións establecidas na Ordenanza Municipal reguladora de tarxetas de estacionamento para persoas con diversidade funcional do Concello de Xinzo de Limia, facendo constar que non conta cunha praza de aparcamento privada no entorno do seu domicilio/ non conta cunha praza reservada dentro do recinto empresarial

Xinzo de Limia de de 20
O/a solicitante O/a representante

Asdo: _____

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

ANEXO IV: INFORME DE VALORACIÓN

Expediente número

Vista a solicitude de:

- Tarxeta de estacionamento de vehículos para persoas discapacitadas con mobilidade reducida .
- Tarxeta de persoa usuaria.

Presentada por: _____ DNI _____, o día _____ (Núm. Rx. Entrada _____)

Normativa aplicable:

- 1 .Ordenanza municipal reguladora da expedición das tarxetas de estacionamento de vehículos para persoas discapacitadas con mobilidade reducida e das tarxetas de accesibilidade para persoas discapacitadas.
2. Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, que aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei 8/1997, de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación da Disposición Transitoria Cuarta da Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade.
3. Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade.
4. Real decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso do cartón de estacionamento para persoas con discapacidade.

Procede informar:

- Que, atendendo aos datos que obran no expediente de solicitude e á normativa de aplicación ,a persoa solicitante **reúne** tódolos requisitos necesarios para ser titular da tarxeta solicitada.
- Que, atendendo aos datos que obran no expediente de solicitude e á normativa de aplicación, a persoa solicitante **non reúne** tódolos requisitos necesarios para ser titular da tarxeta solicitada.

Proposta:

- CONCESIÓN da tarxeta solicitada.
- DENEGACIÓN da tarxeta solicitada.

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enríquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Concello de Xinzo de Limia

OBSERACIÓNS:

Xinzo de Limia, _____ de _____ de 20_____.

Asdo: Dilixencia do persoal municipal que realiza a valoración.

Nome e apelidos: _____

Posto que ocupa: _____

Visto e prace da/o Concelleira/o:

Concellería
de _____

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enríquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112